Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 26/10/2023 01:43:19
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 136

Sesión plenaria
28 de xullo de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-hEkng-lwWf-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA

Punto único.

Proposta de tramitación polo procedemento de lectura única da Proposición de lei, formulada polo G. P. Popular de Galicia, o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. dos Socialistas de Galicia, do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres e, se é o caso, debate e votación da referida proposición de lei (11/PPL-000019).

CSV: BOPGDSPG-hEkng.lwWf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Ábrese a sesión ás once da mañá.

Proposta de tramitación polo procedemento de lectura única da Proposición de lei, formulada polo G. P. Popular de Galicia, o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. dos Socialistas de Galicia, do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres e, se é o caso, debate e votación da referida proposición de lei. (Punto único da orde do día.)

O señor presidente dá paso, en primeiro lugar, a unha rolda de intervencións dos portavoces sobre o procedemento de tramitación. (Páx. 4.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre o procedemento de tramitación: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 4.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 4.) *e Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 4.)

Votación sobre a proposta de tramitación polo procedemento de lectura única

Votación da proposta de tramitación polo procedemento de lectura única da Proposición de lei do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres: *aprobada por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 5.)

Debate e votación da proposición de lei

Presentación da proposición de lei: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 5.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 8.) *e Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 11.)

Votación da Proposición de lei do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres: *aprobada por 74 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 15.)

O señor Álvarez Martínez (S) pide a palabra e intervén para dedicarlle unhas palabras ao Sr. Puy Fraga (P), que abandona o Parlamento de Galicia logo dunha longa etapa como deputado e portavoz do G. P. Popular. (Páx. 15.)

A señora Pontón Mondelo (BNG) intervén tamén para despedirse do señor Puy Fraga (P). (Páx. 15.)

Así mesmo, o señor Conde López (P), que tamén finaliza a súa etapa de deputado nesta institución, pronuncia unhas palabras de despedida. (Páx. 16.)

Remata a sesión ás once e cincuenta e dous minutos da mañá.

CSV: BOPGDSPG-hEkngJwWf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ábrese a sesión ás once da mañá.

O señor PRESIDENTE: Ábrese outra sesión plenaria, tamén extraordinaria.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento* do 26 de xullo, polo que non se procede á súa lectura.

Non hai xustificación de inasistencias e, polo tanto, entramos na orde do día, cun punto único.

Proposta de tramitación polo procedemento de lectura única da Proposición de lei, formulada polo G. P. Popular de Galicia, o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. dos Socialistas de Galicia, do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres e, se é o caso, debate e votación da referida proposición de lei

O señor PRESIDENTE: A Mesa, logo da audiencia favorable da Xunta de Portavoces, na reunión do pasado 18 de xullo do 2023, acordou proporlle ao Pleno da Cámara a tramitación polo procedemento de lectura única desta proposición de lei, consonte o disposto no artigo 134.1 do Regulamento.

Antes de someter á votación esta proposta, ábrese unha rolda dos grupos parlamentarios —por un tempo de entre un minuto e un minuto e medio— para fixar a súa posición respecto da proposta de tramitación polo procedemento de lectura única.

Polo tanto, en primeiro lugar ten a palabra o señor Álvarez, do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Tendo en conta que o texto que hoxe imos debater foi froito dun consenso entre os tres grupos parlamentarios —e presentado como tal no seu momento—, este grupo parlamentario está a favor do procedemento de tramitación por lectura única.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Desde o BNG tamén estamos a favor da súa tramitación por lectura única, dado que este é un texto que xa o temos consensuado e que cremos que nos vai permitir utilizar a vía máis rápida para que esta lei poida estar en vigor canto antes.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Si, nós tamén estamos a favor. E, ademais, estamos moi agradecidos tanto aos servizos da Cámara coma aos portavoces dos grupos nacionalista e socialista por facilitar que, efectivamente, esta lei poida tramitarse polo procedemento máis áxil posible.

Grazas.

CSV: BOPGDSPG-hEkng-lwWf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Sométese á votación a proposta de tramitación polo procedemento de lectura única.

Votación da proposta de tramitación polo procedemento de lectura única da Proposición de lei do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o procedemento de lectura única.

O señor PRESIDENTE: E unha vez aprobado este procedemento comezamos co debate e votación.

En primeiro lugar, para a presentación da proposición de lei teñen turno de palabra os autores.

Comeza o Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señora alcaldesa e concelleiros do Concello de Santiago, señora presidenta, vicepresidenta e expresidente do Padroado do Museo do Pobo Galego, señora presidenta e expresidente do Consello da Cultura Galega, señor presidente da Real Academia Galega, señores chanceler e vicechanceler-secretario do Arcebispado de Santiago, señora presidenta da Asociación Cultural Francisco Asorey, señor presidente da Fundación Castelao, señor presidente da Real Sociedade Económica de Amigos do País, señor presidente da Fundación Alfredo Brañas e demais convidados a esta sesión plenaria, quero comezar a miña intervención como portavoz do Grupo Socialista recoñecendo o traballo conxunto e a vocación de acordo que deu como resultado a Lei do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres que hoxe estamos a debater e que presumiblemente será aprobada por consenso logo dun proceso que se alongou demasiado no tempo, especialmente para a relevancia que ten este espazo para a nosa identidade como pobo.

Este acordo demostra unha vez máis que o diálogo, como non podía ser doutro xeito, é a mellor ferramenta para recoñecer a relevancia e poñer en valor un lugar simbólico como é o Panteón, integrado na igrexa compostelá de San Domingos de Bonaval Aquí descansa unha parte fundamental da identidade de Galicia na forma de presenza dos restos mortais de Rosalía de Castro, a primeira en ser trasladada desde Iria Flavia ata Compostela en 1891, seguida de Alfredo Brañas, finado en 1900 e trasladado ata o Panteón en 1906. En 1961 chegarían os restos mortais do escultor Francisco Asorey, que falecera aquel mesmo ano. E o poeta Ramón Cabanillas, finado en 1959, sería soterrado en San Domingos de Bonaval en 1967. O cartógrafo e matemático Domingo Fontán, falecido en 1866, chegaría a este mesmo lugar en 1968; e finalmente Castelao, falecido en Bos Aires en 1950 e que foi trasladado ata Compostela en 1984.

CSV: BOPGDSPG-hEkngJwWf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estes seis persoeiros representan e son referentes dos nosos mellores poetas, dos mellores escritores, dos mellores científicos, escultores e políticos que deu a nosa terra. Eles son os bos e xenerosos aos que alude o noso himno, que nos amosan o camiño da grandeza para identificarnos e que nos configuran como país. É a súa presenza a que dota de sentido este espazo, catro paredes entre as que reivindicamos a cultura, a lingua e a historia de Galicia, e que con este acordo asume unha regulación acorde coa súa relevancia e que remata cunha anomalía histórica e institucional.

Un elemento tan importante para a nosa identidade non podía permanecer nun limbo institucional como o que viña padecendo o Panteón de Galegas e Galegos Ilustres. A sesión plenaria de hoxe non é máis que a estación final dun proceso que comeza coa construción do Panteón na igrexa a finais do século XIX, secundado por Joaquín Díaz de Rábago —economista e presidente da Real Sociedade de Amigos do País de Santiago—. E a capela da Visitación dentro da igrexa gótica foi o espazo escollido.

Lembremos que o conxunto estaba daquela baixo a titularidade do Concello de Santiago —desde 1837— como consecuencia da desamortización de Mendizábal. Sería declarado ben de interese cultural en 1912. Pero volvería vivir anos de polémica cando, coa chegada da democracia, o Arcebispado procedía a reclamar a súa titularidade. Logo de cento sesenta e cinco anos xestionado polo Concello de Santiago e de trinta anos de litixiosidade pola titularidade do mausoleo, o Tribunal Supremo sentenciaría en 2006 a favor do Arcebispado e este solicita a execución da sentenza en 2010. Segundo o Alto Tribunal, o convento e a entrada da igrexa serían de titularidade do Concello pero a igrexa e, dentro dela, a capela da Visitación —onde se atopa Panteón— pasarían á titularidade da diocese, que regula o seu uso desde ese momento. A partir de aí, e segundo informou a Consellería de Cultura en resposta escrita a preguntas deste grupo parlamentario do ano 2010 e 2011, o Goberno galego asinaría un acordo co Arcebispado no que asumía o mantemento do monumento e limitaba o seu uso por parte da sociedade civil a cinco actos ao ano —un deles o 25 de xullo—.

Nese preciso momento, e só un ano despois de que o Arcebispado solicitase a execución desa sentenza, no ano 2011 chegaba ao Parlamento unha proposta da man do Consello da Cultura Galega e do seu presidente —daquela o señor Ramón Villares—, de acordo coas fundacións Castelao, Rosalía de Castro e Alfredo Brañas, que propoñía que desde un primeiro momento fose o Parlamento quen tutelase o Panteón. E hoxe, doce anos despois, aprobamos o proxecto de lei pola vía de urxencia e por lectura única, o que non agocha o proceloso camiño que permitiría finalmente conciliar todas as sensibilidades obrigadas a cohabitar neste pequeno espazo.

Damos deste xeito remate a unha etapa de desacordo demasiado longa para clarificar a xestión dun elemento fundamental para a identidade de Galicia. Con todo, non é hoxe o día de reproches e si de celebración pola resolución final do proceso da mellor forma posible, que o acordo. Nese sentido, quero recoñecer o traballo fundamental ata chegar a conciliar a todos os axentes implicados neste espazo. Tanto o Concello de Santiago como o Arcebispado e a Xunta de Galicia entenderon que a busca dun acordo unánime constitúe a mellor garantía de futuro. E esta lei vén plasmar esa garantía cun padroado de oito membros no que teñen acubillo todos os titulares, cun representante do Concello de Santiago de Compostela, un

CSV: BOPGDSPG-hEkngJwWf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

representante da Arquidiocese, un representante da Xunta de Galicia, ademais dos cinco membros da Mesa do Parlamento e baixo a presidencia da persoa que ostente a presidencia deste Parlamento de Galicia.

Polo tanto, esta cámara autonómica pasará a desempeñar, xa que logo, un papel central na xestión do Panteón e asumirá a constitución e a tutela futura da fundación pública que xestionará o Panteón. Será esta institución, o Parlamento de Galicia, a que realice a aportación maioritaria da Fundación e garanta os recursos económicos necesarios para o seu funcionamento. E esta lei establece na súa disposición transitoria que tanto a Arquidiocese coma o Concello de Santiago cedan á Fundación o uso da igrexa de San Domingos de Bonaval e a parte do terreo público municipal imprescindible. Esta vía quere dar remate á litixiosidade sobre a xestión deste espazo, que se prolongou durante máis de tres décadas e derivou nunha situación impropia dun monumento declarado BIC e que é urxente superar.

A intención do lexislador é garantir a apertura do Panteón ao público e a difusión, o fomento das visitas e a celebración dos actos de recoñecemento aos persoeiros soterrados nel. A lei prevé para iso a constitución dunha comisión asesora que apoie a Fundación na aplicación dos regulamentos de usos e honras que serán elaborados e aprobados. E, para iso, esa comisión contará con representación do Consello da Cultura de Galicia, da Real Academia Galega, da Real Academia Galega de Belas Artes, das tres universidades públicas de Galicia, das consellarías da Xunta de Galicia con competencias en ámbitos da cultura, do patrimonio e de facenda e orzamentos, así como do Concello de Santiago, da Arquidiocese de Santiago, da Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago e dos padroados de Rosalía, Castelao e Alfredo Brañas.

A lei que hoxe se aprobará, malia que sexa breve na súa extensión, posúe unha relevancia indubidable tanto no fondo como na forma. As particularidades que veño de sinalar e a propia exposición de motivos desta norma conceden ao Panteón de Galegas e Galegos Ilustres o recoñecemento que merece como elemento singular da identidade galega e asume a vocación de permanencia como lugar de encontro, aprendizaxe e alento do sentir da comunidade dos galegos e das galegas de dentro e de fóra do país. Ademais, fixa maiorías cualificadas dentro do padroado para a aprobación das normas de funcionamento deste espazo como garantía tanto de continuidade como de permanencia no futuro.

Quero determe para sinalar e poñer o foco no consenso con que esta Cámara vai aprobar unha lei imprescindible para clarificar o futuro dun símbolo nuclear da nosa identidade. Malia que cunha espera —como dicía— longa de máis, o Panteón contará por fin cun respaldo legal e xurídico que garanta a súa permanencia no tempo en condicións acaídas; e, ademais, co Parlamento —a casa de todas e de todos— dando un paso á fronte e asumindo un papel central tanto no final do acordo como na futura xestión do Panteón. Nada nos gustaría máis que que este encontro —ademais da relevancia evidente para manter a boa saúde dunha parte importante do corazón deste país que se chama Galicia— simbolice a semente da unidade política que a sociedade require en tempos de polarización como os que vivimos. Desde esta tribuna emprazo a todas as forzas políticas que representan a vontade do pobo galego a volver ao sendeiro do respecto institucional que outrora acubillou o acordo sobre os símbolos senlleiros como a bandeira ou o himno, aos que hoxe sumamos o Panteón de Galegas e Galegos Ilustres.

CSV: BOPGDSPG-hEkngJwWf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vou rematando.

Galicia necesita do espírito do acordo e do consenso sobre cuestións nucleares da nosa identidade como pobo e para dotarnos das ferramentas institucionais e xurídicas para afrontar os retos dos novos tempos A reforma do Estatuto é urxente, necesaria e imprescindible para garantirlle a Galicia que se poida poñer á altura dos novos tempos e despexar o camiño para asumir novas competencias.

Desde esta tribuna —e remato— emprazo os representantes da soberanía do pobo galego a estar á altura das figuras de Rosalía de Castro, de Alfredo Brañas, de Francisco Asorey, de Ramón Cabanillas, de Domingo Fontán e de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e tomar o camiño marcado por este pequeno pero fundamental acordo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día a todos e a todas.

Señor presidente, señorías, persoas que hoxe nos acompañan desde a tribuna, os símbolos son fundamentais na identidade dun pobo. E, desde logo, o Panteón dos Galegos e das Galegas Ilustres é un dos grandes sinais da nosa identidade como nación, porque acolle algunhas das personalidades históricas máis relevantes e máis perdurables na nosa memoria colectiva. Polo tanto, era unha débeda pendente que hoxe, afortunadamente, empezamos a saldar: preservar este espazo, coidalo, enaltecelo e, sobre todo, dalo a coñecer entre a poboación en xeral e, moi particularmente, entre as novas xeracións, explicando o seu significado e a súa relevancia. Porque, señorías, un símbolo da nosa identidade non pode reducirse a un uso litúrxico desconectado da cidadanía. Ao contrario, ten que ser un lugar de encontro e de celebración da nosa propia historia, da nosa maneira de ver e de sentir o mundo. E temos que facer todo o posible para dar a coñecer este panteón entre a poboación; sobre todo, entre as novas xeracións. Porque, para que algo esperte a nosa admiración e valoración, antes temos que coñecelo.

Como galega sinto un profundo orgullo cando entro na igrexa de San Domingos de Bonaval e atopo no seu interior un panteón compartido por Rosalía de Castro, por Alfredo Brañas, por Francisco Asorey, por Ramón Cabanillas, por Domingos Fontán ou por Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Repaso eses nomes esculpidos na pedra e sinto un profundo orgullo, un fondo sentimento de pertenza a este pobo, á nación galega, capaz de dar grandes referentes, aínda tendo moito en contra, para desenvolver todo o potencial que aquí temos —antes e agora—. *(Aplausos.)*

O proxecto de lei que o Parlamento vai aprobar por unanimidade é un gran paso adiante para a xestión pública e laica deste símbolo nacional e vén corrixir a anomalía que trouxo consigo a sentenza de 2006 do Tribunal Supremo. Máis alá do que significa este articulado concreto, eu quero destacar dúas cuestións que para o BNG son especialmente significativas e sentidas.

CSV: BOPGDSPG-hEkngJwWf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A primeira é que esta lei outorga ao Panteón a categoría de símbolo nacional, de emblema da identidade do pobo galego, unha declaración que desde o BNG levamos anos reclamando e que por fin queda consolidada por lei.

A segunda cuestión que tamén consideramos moi importante é a nova nomenclatura: Panteón das Galegas e dos Galegos Ilustres. É doado deducir por que: porque acaba coa invisibilidade das mulleres. *(Aplausos.)* Non é unha cuestión menor, e tivemos que esperar cento vinte e tres anos para que a máis ilustre entre os ilustres, Rosalía de Castro, estivese reflectida na propia denominación deste símbolo nacional. Evidentemente, entendemos a Pierre Vilar cando nos dicía que non se pode xulgar a historia cos ollos e cos valores do presente. Pero, aínda aceptando esta premisa, non deixa de sorprender que tivese que pasar máis dun século para que a galega máis universal, a que motivou a creación deste panteón en 1891, sexa visible na propia denominación deste símbolo da nación. Como muller, como feminista, como galega, sinto de corazón que hoxe tamén lle devolvemos a Rosalía un pouco do que ela nos deu, co seu exemplo de rebeldía e de valentía *(Aplausos.)*, atrevéndose a ir a contracorrente para facer valer as súas ideas e as súas aspiracións nun contexto no que todo xogaba na súa contra. O seu exemplo segue sendo —máis dun século despois— motivo de inspiración para moitas de nós. E, polo tanto, este recoñecemento a Rosalía é tamén un recoñecemento a todas as mulleres invisibilizadas na historia deste país. *(Aplausos.)*

Señorías, o Panteón das Galegas e dos Galegos Ilustres é un espazo civil no que lembrar, digna e colectivamente, algunhas das personalidades máis relevantes da nación galega. Esta lei permite, ademais, sortear as limitacións derivadas dunha sentenza insólita. Esta lei permitiralle dar a este espazo a rehabilitación e a preservación que necesita, permitirá ter unha xestión pública e laica dun símbolo que é de todos e de todas máis alá da ideoloxía que cadaquén teña, porque nos representa a todos e a todas como pobo. Permitirá difundir e promover un espazo identitario e cultural simbólico, aberto e libre de restricións, para o seu coñecemento e valoración. E, en definitiva, esta lei permite pasar a páxina, por fin, da actitude timorata que tivo ata o de agora o Goberno da Xunta.

Por fin este Panteón das Galegas e dos Galegos Ilustres vai ter un tratamento acaído para situarse á mesma altura que os símbolos nacionais que xa recoñece o Estatuto —a bandeira, o escudo e o himno de Galiza—. Penso que as persoas que idearon a homenaxe que empezou con Rosalía de Castro hoxe estarían satisfeitas co acordo unánime deste Parlamento. Os homes e as mulleres do Centro Galego da Habana, do Comité Rexionalista, da Sociedade de Amigos do País e tamén as galeguistas e nacionalistas que nos precederon estou certa de que hoxe aplaudirían esta lei.

É un texto lexislativo que desde o BNG consideramos que resolve algunhas das cuestións derivadas da sentenza de 2006 pola que San Domingos de Bonaval pasa a mans da Igrexa, incluíndo tamén a titularidade do Panteón. Esta foi unha cuestión que xerou controversia e tamén un paradoxo, posto que a principal premisa para converter este espazo nun símbolo nacional foi precisamente a súa condición laica.

Neste contexto entendemos que esta é unha fórmula que nos permite avanzar. Cremos que é acertada a creación desa formulación de fundación para xestionar e para poder difundir o

CSV: BOPGDSPG-hEkngJwWf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que significa o Panteón, e que tamén a súa sede estea aquí na casa de todos os galegos e galegas: no Parlamento de Galiza. É unha fundación que contará no seu padroado coas principais institucións públicas e privadas involucradas.

E eu quero, en nome do BNG, facer un recoñecemento específico ao Consello da Cultura, que sabemos que durante moito tempo traballou neste tema, que coordinou a elaboración dunha proposta para regular a preservación do Panteón que, sen dúbida, axudou a chegar ata aquí. Quero tamén facer extensivo este agradecemento a todas as entidades que en maior ou menor medida participaron no proceso: o Museo do Pobo Galego, a Real Academia e os padroados de todas as fundacións implicadas polas persoas que alí están enterradas; así como tamén quero facer mención a outras entidades que desde o ámbito social e cultural levan anos traballando pola dignificación e pola recuperación do Panteón, como son a Asociación de Escritores e de Escritoras en Lingua Galega, a Mesa pola Normalización Lingüística, Vía Galega, Asociación Cultural O Galo ou a Federación Galiza Cultura. Igualmente quero agradecer, en nome do BNG, a colaboración da Arquidiocese de Santiago —é evidente que sen a súa participación hoxe non estariamos aquí— e tamén do Concello de Santiago —representado nesta tribuna pola súa alcaldesa, por Goretti Sanmartín—. Ambas entidades formarán parte do padroado da Fundación ao lado da Xunta de Galiza e da Mesa do Parlamento. Quero darlles as grazas a todos e a todas porque a súa man tendida fixo posible este consenso que abre un tempo novo na xestión deste símbolo nacional.

A aprobación desta lei é un paso necesario pero tamén sabemos que as leis, se só quedan no papel, non son máis ca iso, letras impresas nun papel. Polo tanto, temos a obriga de garantir a mellor xestión, difusión e posta en valor do Panteón. Aprobar a lei é un paso necesario, pero non é suficiente. É imprescindible dotala dos recursos económicos suficientes —por exemplo, para mellorar as condicións materiais dese espazo, a súa rehabilitación e conservación— e tamén é necesario desenvolver o contido da lei con axilidade e con eficacia —en particular, os regulamentos que están previstos neste texto para cuestións tan importantes como os usos do Panteón ou o protocolo de concesións de novas honras—. E creo que tamén a unanimidade coa que nace esta lei é un mandato para esa fundación, para seguir mantendo esa unanimidade no desenvolvemento; e tamén a axilidade, porque custou moito chegar ata aquí, moitos esforzos, tecer consensos, e non tería sentido estragar todo o logrado deixando que esta lei quede varada no tempo.

Desde logo, desde o BNG imos facer todo o posible para que se cumpra a súa finalidade do mellor xeito. Á fin e ao cabo estamos falando da nosa identidade como pobo, de honrar a memoria daquelas persoas que nos fan sentir orgullo de pertencer a este gran proxecto colectivo que é a nación galega, sexa cal sexa a maneira que cadaquén teña de sentila e de vivila.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

CSV: BOPGDSPG-hEkng.lwWf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PUY FRAGA: Señor presidente, señorías.

«¿Preguntástesvos algunha vez cantas veces ao día dades as grazas? Grazas polo sal, grazas pola porta, pola información, grazas polo cambio, polo pan, polo paquete de tabaco —unhas grazas de cortesía, de conveniencia, automáticas, mecánicas, case ocas—; ou unhas grazas profesionais —grazas pola súa resposta, pola súa atención, pola súa colaboración—. ¿Preguntástesvos algunha vez cantas veces na vida destes realmente as grazas, unhas grazas sinceras, a expresión da vosa gratitude, do voso agradecemento, da vosa débeda?.»

Así comeza a fermosa narración de *As gratitudes* da francesa Delphine de Vigan, á que recorro porque hoxe é día para a expresión sincera da nosa gratitude, do noso agradecemento, da nosa débeda; gratitude, agradecemento e débeda con quen desde a Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago, a Asociación Rexionalista Galega, o Concello de Santiago, a Facultade de Dereito compostelá e as colectividades galegas en América tomaron a decisión, co consentimento de Murguía e a familia de Rosalía de Castro, de trasladar o 25 de maio de 1891 á capela da igrexa conventual de San Domingos de Bonaval, ás portas da cidade vella de Compostela, os restos mortais de quen era Galicia feita carne e sangue, como se dixo precisamente nun dos discursos pronunciados aquel memorable día.

Nacía así —impulsado polo fervor galeguista que prendera e inundaba a finais do XIX as rúas de Compostela e doutras cidades galegas, das aulas da nosa Universidade, da emigración en América— o Panteón de Galegos Ilustres, no que pronto foi honrado tamén o líder do rexionalismo, Alfredo Brañas, en 1906. Desde entón, o Panteón foi un lugar de encontro e recollemento das arelas do galeguismo, con independencia do réxime político do momento, tanto na Restauración, na Ditadura de Primo de Rivera, na República e mesmo durante a longa noite de pedra, na que, como testemuñou Ben-Cho-Shey en *La noche* o 24 de xullo de 1964, «cada ano eran máis» —cito— «os que caladiñamente se encamiñan a Bonaval e ruben con verdadeira unción as ramplas e as escaleiras de Santo Domingo para se mergullar no ar misterioso das naves góticas encarregadas de custodiar as esencias da máis requintada e desinteresada galeguidade, pois os que alí se xuntan non van a agardar prebendas nin a procurar credenciais nin sequera a gañar máis indulxencias que as que derivan do puro gozo da irmandade no amor á terra».

Referíase, quen presidira o Partido Galeguista en Lugo, á misa de Bonaval, que desde os anos trinta un feixe de galeguistas organizara para honrar e orar en galego polas almas de Rosalía e Brañas, eucaristía que só foi suspendida tras o golpe de 1936, ata que en 1941 a Fundación Rosalía de Castro —que tanto fixo por dignificar ese espazo simbólico ao longo do tempo— a recuperarse, e que hoxe organiza o Foro Galicia Milenio para xuntar persoas unidas exclusivamente polo gozo da irmandade no amor á terra.

Co tempo o Panteón consolidouse —primeiro, co traslado dos restos do escultor Asorey en 1961; logo cos de Ramón Cabanillas en 1967; cos do gran cartógrafo e matemático Domingo Fontán en 1968; e cos de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao xa en 1984, tras acordo do primeiro Parlamento de Galicia—, consolidación como espazo simbólico á que contribuíu que fose Bonaval o lugar escollido polo primeiro presidente da Xunta de Galicia, Xerardo Fernández Albor, para a súa toma de posesión. Todos os que contribuíron no pasado a facer do

CSV: BOPGDSPG-hEkngJwWf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Panteón un símbolo da Galicia que foi, da que é e da que quere ser son merecentes da nosa gratitude, do noso agradecemento, da nosa débeda. Como tamén o son os que xa en tempos presentes procuraron a dignificación e institucionalización dun espazo xurdido e mantido polo impulso espontáneo de tantas persoas que amaron a Galicia.

No arquivo familiar que meu pai ordenou ao longo de toda a súa vida, figuran os papeis que eu creo que son, en tempos próximos, o primeiro intento de institucionalizar o Panteón. Neles dáse conta da reunión que mantiveron o 14 de outubro de 1974, ás sete e media da tarde, os profesores Carballo Calero, representando o Instituto Padre Sarmiento de Estudos galegos, Remuñán Ferro, pola USC, Puy Muñoz, polo Concello, e o doutor Sixto Seco pola Fundación Rosalía de Castro; todos eles —e cito literalmente o documento— «sentindo a responsabilidade histórica que pesa sobre Compostela como capital espiritual de Galicia». Eles elaboraron un primeiro anteproxecto dos estatutos do Panteón, que finalmente, tras algúns axustes, viu a luz na prensa xa en xaneiro de 1972 e foi aprobado pola corporación municipal en xuño de 1984.

Vicisitudes varias —que é mellor deixar no esquecemento— arrefriaron aquel primeiro intento, pero foron moitos quen desde entón, e precisamente á vista da pouco exemplar situación do Panteón, clamaron pola recuperación do uso e da dignificación da igrexa de Bonaval como panteón de Galicia. En 1999 aquel anteproxecto rexístrao —por instancia dos padroados da Fundación Rosalía, Brañas, Asorey, Fontán e Castelao— o alcalde de Santiago, Xerardo Estévez, no Consello da Cultura Galega. En xuño de 2000, o presidente Albor reclamaba na prensa compostelá consenso para conseguir o coidado, reparación, funcionamento e a posibilidade de poder ser visitado diariamente por todos os que desexen facelo. Aconsellaba entón Albor unión e non división das forzas políticas, sociais, culturais, sindicais e, en fin, dos que aman a súa terra e queren seguir adiante coa homenaxe a tantos que deron gloria a Galicia e, a nós, exemplo de vida.

En 2010, o Consello da Cultura Galega, a Real Academia e o Museo do Pobo Galego elaboran —en comandita coas fundacións citadas— un borrador de proposta de lei do Panteón de Galicia que é trasladada ao Parlamento. E hoxe os setenta e cinco deputados e deputadas do Parlamento de Galicia reunímonos para aprobar por unanimidade a Lei do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres. Todas elas, todos eles, todos vós que nos acompañades desde a tribuna, sodes merecentes da nosa gratitude, do noso agradecemento, da nosa débeda. Aos representantes da igrexa diocesana, que cedera a nave gótica de Bonaval, que están representados polo seu chanceler e polo moderador da Curia, aos que pido que trasladen a nosa gratitude aos bispos Julián Barrio e Francisco José Prieto, pola súa sensibilidade neste proxecto; ao Concello de Compostela, representado pola súa alcaldesa, que permitirá ampliar o Panteón no exterior do templo; e ao Consello da Cultura, á Real Academia Galega, ao Museo do Pobo Galego, así como ás fundacións Castelao, Brañas e Asorey, e á Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago, a todos eles, hoxe acompañándonos coas súas presidentas ou presidentes —que estou seguro de que comparten a súa satisfacción cos das fundacións Cabanillas e Rosalía—, e por suposto á Xunta de Galicia, co seu presidente á fronte, un presidente que vai ver cumprida unha das arelas nas que máis nos insistiu durante anos o seu inmediato predecesor na Presidencia da Xunta, a todos eles a nosa gratitude, o noso agradecemento, a nosa débeda. Sen eles tampouco hoxe estariamos aquí. E, por su-

CSV: BOPGDSPG-hEkngJwWf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

posto, esta sesión non sería posible sen a colaboración conxunta, en momentos politicamente complexos, dos portavoces dos grupos parlamentarios desta Cámara, polo que fago extensivo o agradecemento do Grupo Parlamentario Popular aos portavoces do Bloque Nacionalista Galego, Ana Pontón, e ao dos Socialistas de Galicia, Luís Álvarez.

Somos conscientes de que esta lei só é un primeiro paso. A partir da súa publicación son moitas as tarefas que realizar, comezando pola constitución da fundación e pola cesión dos espazos que conformarán un ampliado e digno Panteón de Galegas e Galegos Ilustres, e continuando pola redacción dos regulamentos de honras e de usos, tarefas que demandan o mesmo e amplo consenso político e social que hoxe nos compracemos en constatar.

Para quen —como quen lles fala por última vez desde esta tribuna— cre máis nas causalidades que nas casualidades non lle deixan de parecer salientables algunhas coincidencias. A primeira é que será posible conmemorar o 40º aniversario do traslado dos restos de Castelao ao Panteón coa fundación xa en marcha. O segundo é que este mesmo ano celebramos tamén o centenario do Seminario de Estudos Galegos, «luz na terra», como ben escolleu Ramón Villares para rotular a exposición que o conmemora. Coincide tamén coa celebración dos corenta anos da aprobación da Lei do Consello da Cultura Galega, un organismo que naceu, como sinalaba a súa presidenta no acto de conmemoración, da man doutro grande, Filgueira Valverde, que trasladou ao Consello da Cultura o espírito do propio Seminario. E precisamente quen fora presidente do Seminario entre 1925 e 1934, Salvador Cabeza de León, catedrático e decano da miña Facultade de Dereito e presidente da asemblea de alcaldes que elabora en 1932 o noso primeiro estatuto de autonomía, pronunciou un discurso o día da translación dos restos de Rosalía a Bonaval no que todos os chamados a desenvolver a lei poden atopar a necesaria inspiración. Aquel día de maio de 1891 don Salvador preguntábase: «E ¿que facemos nós, nós que vivimos a carón do sepulcro da gran poetisa, deste sepulcro que deberiamos gardar e venerar como se gardan e veneran os máis gloriosos recordos do pasado, cal se gardan as rachadas bandeiras que levan os nosos pais á vitoria e que o ferro inimigo furou mil veces mais non puido abatir, como veneramos a memoria dos que nos enxendraron, non tanto pola vida que nos deron como polo nome honrado que nos souberon deixar? ¡Ai!, quede esa pregunta sen contestar, ou máis ben contestádea cada un de vós no fondo do pensamento. Eu solo vos direi que, ao meu entender, o agasallo máis digno que podemos facer á memoria da inolvidable poetisa é seguir o camiño que ela nos trazou, cantar o que cantou ela, amar o que amou ela, aborrecer o que ela aborreceu».

Conclúo —abusando por última vez da xa proverbial xenerosidade do reloxo do presidente Santalices nas grandes ocasións—, e, como dicía ao inicio desta intervención, hoxe é día para dar as grazas, un día para a expresión sincera da nosa gratitude, do noso agradecemento, da nosa débeda, e debo facelo tamén nun plano máis persoal. Outra afortunada casualidade fai que esta sexa a miña derradeira intervención desde esta tribuna, e non podería imaxinar mellor circunstancia que a de hoxe para explicitar o meu agradecemento. *(Aplausos.)*

Foi certamente unha honra compartir con vostedes e con todas e todos os deputados que representaron o noso pobo no seu Parlamento desde o ano 2009 esta importante función, a miña gratitude e agradecemento. E a miña débeda cos galegos e galegas que me trouxeron aquí co

CSV: BOPGDSPG-hEkngJwWf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

seu voto, libremente exercido. Grazas a tantos outros que fixeron posible a existencia desta Cámara de representación democrática da Galicia que exerce o seu autogoberno; tamén aos presidentes Feijóo e Rueda por confiar na miña persoa para exercer a portavocía do grupo maioritario, e aos meus compañeiros de grupo de todas estas lexislaturas, que souberon traballar en equipo e con entusiasmo deixando á marxe lexítimas arelas individuais. E a todo o persoal desta magnífica institución, onde tan fácil é traballar grazas ao labor dos seus funcionarios e empregados, desde os letrados con Xosé Antón Sarmiento á fronte, á biblioteca, xardinería, comunicación ou á restauración, e moi especialmente ás miñas prezadas María do Carmo e Avelina, que espero leven unha grande alegría cando poidan facer o seu traballo nun gabinete que espero pronto quede baleirado das montañas de libros e papeis que agora están alí.

Marcho para representar a Galicia nas Cortes de España agradecendo aos deputados e deputadas de todos os grupos cos que coincidín ao longo dos últimos catorce anos en pleno, en comisión, ou na Xunta de Portavoces —que foron moitos e de moitos grupos— que me fixeran sentir en todo momento respectado e escoitado, do mesmo xeito que eu sempre tentei escoitar e respectar os seus argumentos —que moitas veces nos permitiron corrixir erros ou tomar conciencia de fallos na nosa xestión—, un agradecemento que hoxe personalizo en Ana Pontón e en Luis Álvarez, cos que sempre puiden falar con franqueza e confianza, e mesmo discrepar e pactar as discrepancias.

A todos e todas pídovos tamén desculpas, especialmente aos cidadáns que puideron terse sentido mal representados e aos que non colmase as súas expectativas co noso traballo. Eu só podo dicir que o fixen coa mellor das vontades e dando o mellor do que fun capaz polo ben de Galicia, tentando preservar a dignidade e funcionalidade desta casa. Tenteino facer procurando consensos nos temas que nos unen como galegos, porque é bo para Galicia —como a sesión de hoxe é testemuña—. E tentei debater as ideas coa palabra, desde o respecto e fuxindo de descualificacións persoais. Se non fun quen de facelo sempre así, de novo pídovos desculpas.

O fermoso libriño que citaba ao comezo, *As gratitudes*, non só trata deste sentimento, trata tamén da memoria persoal e colectiva, do envellecemento, dos coidados e da palabra. Nel, unha das personaxes, o logopeda Jérôme, enfrontado ao cruel alzhéimer da súa paciente, anota no seu diario: «Hai que loitar palabra a palabra, non hai que ceder nin unha sílaba, nin unha consoante. Sen a linguaxe, ¿que nos queda?».

A miña resposta é: non nos queda nada. Deséxolles, señorías, que saiban elixir ben as palabras para debater as ideas e acadar consensos nesta casa da palabra —e tamén unhas boas vacacións, que non fun capaz de desexarlles, como poden comprobar—. E como forma de agradecemento desculpen esta pequena broma sobre min mesmo sen deixar de recomendarlles unha lectura máis, neste caso un fermoso libro sobre a gratitude, a memoria e a palabra.

Grazas. *(Prolongado aplauso.)*

O señor PRESIDENTE: Entón, se lles parece, procedemos á votación da Proposición de lei do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres, proposta que foi formulada polo Grupo Parlamentario Popular, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-hEkngJwWf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación da Proposición de lei do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposición e, consecuentemente, a Lei do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres.

O señor PRESIDENTE: E moitas grazas.

(O señor Álvarez Martínez pide a palabra.)

¿Señor Álvarez?

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Si, señor presidente, dado que foi a última intervención do señor Puy, gustaríame dedicarlle unhas palabras se vostede mo permite. *(Asentimento do señor presidente.)*

Señor Puy, creo que é necesario recoñecer a súa valía parlamentaria e humana, posto que, sendo evidente para min a súa valía parlamentaria con independencia dos lóxicos desencontros políticos, a súa condición persoal, a súa forma de ser, en definitiva, determina de forma decisiva o traballo e a relación entre os grupos parlamentarios. E nese sentido é obrigado recoñecer que a súa forma de entender a relación entre voceiros dos grupos parlamentarios, a corrección política e, sobre todo, un excelente e coidado trato persoal sempre me facilitaron o meu traballo como portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

Deséxolle de corazón, señor Puy, o mellor nesta nova etapa que vai emprender no Congreso dos Deputados, pero sobre todo deséxolle o mellor no ámbito persoal. No primeiro, estou seguro de que o Congreso dos Deputados gaña un membro solvente e tamén unha persoa dialogante nuns momentos tan necesitados de respecto mutuo e, sobre todo, alonxados dese brutalismo verbal do que vostede e mais eu temos falado en máis dunha ocasión.

No segundo, no ámbito persoal, creo que resulta obvio explicar que, nuns tempos de tensión política que levan a dificultar as relacións persoais, nada hai máis humano que desexarlle a outra persoa o mellor no ámbito persoal. Señor Puy, moitas grazas pola súa amizade, polo seu traballo neste Parlamento e que sexa vostede feliz. *(Aplausos.)*

(Pide a palabra a señora Pontón Mondelo.)

O señor PRESIDENTE: Señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, señor presidente, é certo que hoxe é unha xornada na que desde o BNG tamén queremos facer esta despedida pública de quen foi portavoz do Grupo Parlamentario do Partido Popular ao longo destes últimos catorce anos. El dicía na súa intervención que sempre intentou ter o respecto e o diálogo como unha maneira de en-

CSV: BOPGDSPG-hEkngJwWf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tender a política. Desde logo, iso é o que nós —dentro do que son as lóxicas discrepancias— levamos vivido ao longo destes catorce anos. Sempre agradecemos ter alguén dese lado con quen poder falar con honestidade, con clareza e tendo claro que somos organizacións que defenden proxectos distintos, pero tamén desde ese respecto que tan importante é na política.

É evidente que vostede agora empeza unha nova etapa. Creo que ao longo destes anos sempre foi un reto debater con vostede, sempre foi un aliciente debater con vostede. É evidente que esta Cámara perde un portavoz que deixa a súa pegada no Parlamento. Desexámoslle o mellor dos acertos e das sortes neses novos desempeños que vai ter. E tamén estou, no fondo, moi convencida de que vai botar de menos o Parlamento de Galiza. Nós tamén o botaremos de menos. Moi boa sorte. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Ben, tamén se despide outro membro desta Cámara, que é o señor Conde. Entón, non sei se quere despedirse nesta sesión tan especial.

O señor CONDE LÓPEZ: Moitísima grazas, presidente, pola súa xenerosidade.

Efectivamente, tamén teño a oportunidade neste caso de despedirme desta Cámara despois de sete anos como deputado. E, polo tanto, expreso o meu máis profundo agradecemento, en primeiro lugar, ao seu presidente, o presidente da Mesa, por todo o traballo feito, pero especialmente a todas as persoas coas que tiven ocasión de compartir durante todos estes anos un traballo en defensa dos intereses xerais de Galicia e, polo tanto, promovendo iniciativas que permitan que os galegos e as galegas teñan o maior benestar posible.

Expreso o meu agradecemento, en primeiro lugar, ao presidente Feijóo e ao presidente de Rueda, e tamén ao resto da cidadanía pola súa confianza durante estes últimos anos, aos que me permitiron representar os galegos e as galegas. Teño que facer extensivo o agradecemento aos meus compañeiros de goberno durante estes anos, que me demostraron que a súa profesionalidade só está superada pola súa calidade persoal; ao resto de membros do Grupo Popular, cos cales teño compartido loxicamente moitas iniciativas e que levarei sempre no recordo, no meu corazón.

Fago extensivo o agradecemento, neste caso, ao resto de grupos parlamentarios. Coas nosas diferenzas, coas nosas discrepancias, a miña experiencia persoal sempre foi a de manter debates desde o diálogo e desde o respecto, e creo que así ten que ser e sempre foi —dende logo, na miña experiencia— o talante co cal abordamos os diferentes debates. E, polo tanto, eu o que teño que facer nestes momentos é agradecer ese talante, agradecer eses debates, agradecer eses diálogos, porque todos os acordos e todos os acertos deste Parlamento son sempre en beneficio dos galegos e das galegas.

Fago un agradecemento ao persoal do Parlamento, a todo o persoal, que permite que este Parlamento poida funcionar, ao persoal de administración e servizos, ao persoal dos diferentes departamentos, que sempre me trataron con todo o respecto, con toda a cercanía, con todo o cariño que eu hoxe quero devolverlles, e que tamén estarán sempre no meu recordo.

CSV: BOPGDSPG-hEkngJwWf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E a partir de aí, simplemente, como saben —igual que o portavoz—, iniciamos unha nova etapa que vai ter o mesmo obxectivo, que é traballar por Galicia, traballar pola defensa dos intereses de Galicia, neste caso no Congreso dos Deputados. E, polo tanto —se me permiten—, o único que lles podería pedir esta mañá é que este Parlamento siga mantendo ese espírito do sentidiño, o espírito de Galicia que permite non só traballar na Galicia de hoxe senón tamén na Galicia do futuro. Neste caso dende Madrid intentaremos seguir traballando en colaboración coas diferentes institucións e, por suposto, tamén co propio Parlamento de Galicia. Seguiremos traballando polos intereses de Galicia agora e sempre.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Ben, pois en nome de todas e de todos, moita sorte aos que van ser novos deputados.

E, se lles parece, hoxe non deixa de ser un día histórico, primeiro, polo acordo que acabamos de votar, porque iso realmente era algo moi necesario e felicito os grupos por ter chegado a este acordo. E eu creo que isto hai que inmortalizalo e entón propóñolles que fagamos unha foto nas escaleiras, se non está chovendo —e, se non, adaptarémonos aquí—, os deputados, as deputadas e os invitados que hoxe están con nós tamén na tribuna do Parlamento. Entón, vamos alá, se lles parece.

E, sen máis, levántase a sesión.

Bo día.

(Aplausos.)

Remata a sesión ás once e cincuenta e dous minutos da mañá.

CSV: BOPGDSPG-hEkng.lwWf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-hEkngJwWf-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/